

ÉTICA E DEONTOLOXÍA NA INTERVENCIÓN PROFESIONAL

Coñece o **Código Deontolóxico**, así como o **marco legal** no que se leva a cabo a túa práctica profesional como psicóloga ou psicólogo.

COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA



Mantén unha **formación continuada**, tanto desde o punto de vista científico e técnico como deontolóxico. Garantirás a túa competencia profesional.



Non emitas xuízos, comentarios ou conclusións sobre **persoas que non avaliaches** e non deron o seu consentimento.

INFORMES

Os teus informes psicolóxicos deben ser **claros, precisos, rigorosos e intelixibles**. Debes expresar o seu alcance, limitacións, carácter temporal e as técnicas utilizadas. Se prudente e cauto/a no que deixas por escrito e non empregues etiquetas devaluadoras.


Utiliza **instrumentos e métodos validados científicamente**.

Das túas conclusións despréndense consecuencias vitais para a xente



Solicita o **consentimento informado expreso** ao inicio da intervención. Con menores é preciso o consentimento dos proxenitores, sempre que non estean privados da patria potestade. No caso de que che conste a oposición dalgún deles, non inicies a intervención ou parálizaa, salvo que contes con autorización xudicial.


Non te atribúas **titulacións** que non posúas.



Evita situación confusas nas que o teu **rol** sexa **ambiguo** ou **confuso** (por exemplo, non sexas terapeuta e perito no mesmo caso).



O **suxeito** dun informe psicolóxico ten dereito a coñecer o contido do mesmo. Se che solicita unha **copia**, dálla. No caso de **menores**, son os pais/titores/as quen teñen ese dereito, independentemente de cal deles solicitase a túa intervención.



Explica, ao inicio da intervención profesional, os límites da **confidencialidade**.

IMPARCIALIDADE

Actúa con imparcialidade, sobre todo cando teñas coñecemento de que estás ante **intereses** persoais ou institucionais **contrapostos** (por exemplo, divorcios, empresas - empregados etc.).

ACTÚA CON RESPONSABILIDADE.

O DESCOÑECIMENTO DA LEI E DAS NORMAS NON TE EXIME DO SEU CUMPRIMENTO.